

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O
ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E A SECRETARÍA XERAL DA
PRESIDENCIA PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO TURISMO E
ACTIVIDADES NAUTICAS**

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **María Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude de nomeamento polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro, e conforme ás facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra no titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito de competencias.

Doutra parte, **D. José Juan Durán Herraída**, en calidade de presidente da entidade pública da Xunta de Galicia, Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste acordo na Praza de Europa, 5A, 6º, Área Central-Fontiñas, 15781 de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación de dita entidade, en virtude das facultades que a este efecto lle confiren o artigo 6.3 de la Lei 5/1994, do 26 de novembro, de creación de Portos de Galicia e o artigo 9.h) do seu regulamento aprobado por Decreto 227/1995, do 20 de xullo.

Doutra parte, **Manuel Galdo Pérez**, en nome e representación da Secretaría Xeral da Presidencia, nomeado polo Decreto 25/2015, do 12 de febreiro, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas no artigo 2 e na disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse a convir, e para estes efectos,

EXPONEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Que a Axencia Turismo de Galicia dentro das funcións que ten encomendadas está a de promocionar Galicia como destino turístico, sendo un dos seus recursos o Turismo Náutico.

SEGUNDO.- Portos de Galicia dotado de personalidade xurídica e patrimonio propio, ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e avance dos 122 portos dependentes, da Xunta de Galicia.

Portos de Galicia, como xestor por mandato da Xunta de Galicia dos portos da competencia da Comunidade Autónoma, ten a obriga institucional de promover a explotación dos mesmos e das instalacións para a náutica deportiva.

En canto ao que se refire ao sector náutico o ente público Portos de Galicia está a potenciar a industria náutica, a creación de novas instalacións náutico deportivas nos diversos portos do litoral galego e, directa ou indirectamente, xestiona na actualidade 25 instalacións náuticas cun total de mais de 8.000 prazas de atraque.

TERCEIRO.- Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, a nosa Comunidade Autónoma conta con 122 portos. Deles, a Xunta de Galicia, a través da entidade pública Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122. Os outros 6, de maior dimensión e de interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco Autoridades Portuarias: Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña e Ferrol-San Cibrao.

CUARTO.- Que segundo o previsto no artigo 30 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, a Axencia Turismo Galicia financiarase, entre outros, mediante transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Tendo en conta o anterior e con base no principio de coordinación administrativa e unidade de acción que debe presidir a actuación dos órganos administrativos da Xunta de Galicia, conscientes da importancia de divulgar, presentar e promocionar as instalacións náutico recreativas e dado o interese común e obxectivos coincidentes, as partes intervenientes manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento deste proxecto e están interesadas en establecer o presente acordo de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRÍMEIRA.- OBXECTO DO ACORDO

O obxecto do presente acordo consiste en establecer as bases de colaboración entre PORTOS DE GALICIA e a AXENCIA TURISMO DE GALICIA, na promoción da instalación e servizos portuarios para a náutica deportiva existente en Galicia e da actividade de turismo náutico mediante a:

- Participación conxunta no Salón "Grand Pavois 2016", Salón Náutico de París, e na Regata Illas Atlánticas . Tamén a participación de ambas entidades será conxunta no caso de se celebrar no 2016, o Salón Náutico de Ribadeo.

- Presentación de Portos de Galicia en Irlanda, en colaboración con Turespaña.

- Colaboración Publicitaria de Turismo de Galicia en Passeport Escales.

- Desenvolvemento conxunto do programa de cruceiros costeiros

SEGUNDA.- Financiamento

A Axencia turismo de Galicia asumirá directamente con cargo os seus orzamentos os gastos destinados á presenza conxunta nas feiras de Grand Pavois e Salón Náutico de París así como da inserción publicitaria na revista Passeport Escales

Portos de Galicia financiará directamente con cargo os seus orzamentos a acción de presentación de Portos de Galicia en Irlanda, a Regata Illas atlánticas e no seu caso, a participación no Salón Náutico de Ribadeo

Para o desenvolvemento do programa de cruceiros costeiros, a Axencia Turismo de Galicia destinará o importe total de 70.000€ euros que será obxecto de retención de crédito para a súa

posterior baixa na aplicación orzamentaria 04.A2. 761 A.640.0, código de proxecto 2013 00004, dos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016.

Igualmente, procederase a reter ese mesmo importe, para a súa posterior baixa, na aplicación orzamentaria 04.10.761 A.732.12, código de proxecto 2015 00635, da Secretaría Xeral da Presidencia.

A oportuna retención de crédito para transferencias no orzamento da Axencia Turismo de Galicia permitirá a Portos de Galicia incrementar o crédito na partida de "Outros gastos de xestión" do orzamento de Explotación, que se destinarán a sufragar os gastos de promoción das instalacións para náutica deportiva recollidas neste acordo.

TERCEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e interpretación deste acordo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes da Axencia Turismo de Galicia, dos cales un será o presidente desta comisión, dous representantes da Secretaría Xeral da Presidencia e dous representantes de Portos de Galicia.

O réxime de funcionamento e os acordos da Comisión axustaranse ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do acordo.
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do acordo.

CUARTA.- Vixencia

O prazo de vixencia do acordo estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, data da súa finalización. As partes poderán modificar, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o acordo en calquera momento.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan este acordo, no lugar e data sinalados no encabezamento

A directora de Turismo de Galicia

Portos de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

José Juan Durán Hermida

O secretario xeral de Presidencia

Manuel Galdo Pérez